



# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017

**POLA INFANCIA**

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

## ÍNDICE 2017

1. Estado da colexiación.
2. Órganos de xestión.
  - 2.1 Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas.
  - 2.2 Xunta de Goberno.
3. Comisión de Ética e Deontoloxía.
4. Valedor/a das colexiadas e colexiados.
5. Seccións.
  - Sección de Psicoloxía e Saúde.
  - Sección de Psicoloxía Educativa.
  - Sección de Psicoloxía Xurídica.
  - Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
  - Sección de Psicoloxía da Intervención Social.
6. Comisións.
  - Comisión Intersectorial de Mediación.
  - Comisión Intersectorial de Xénero.
  - Comisión de Psicoloxía do Deporte.
  - Comisión de Cultura.
  - Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias.
  - Comisión de Acreditación de Psicóloga/Psicólogo Experto en Neuropsicoloxía Clínica.
  - Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo.
7. Grupos de traballo
  - GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
  - Grupo de Tráfico e Seguridade.
  - Grupo de Traballo de Atención Temperá.
  - Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's.
8. Convenios de colaboración
  - Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero.
  - Programa Abramos o Círculo.
  - Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
  - Mediación Intraxudicial.
  - Xornadas de Concienciación de Seguridade Viaria.
  - Programa PSICOVIAL.
  - Protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
  - Acordo marco de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia.
  - Convenio coa Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS).
  - Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.
  - Convenio coa Universidade de Vigo.
  - Convenio coa Fundación Meniños.
  - Convenio coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).
  - Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
  - Convenio co Concello de Santiago de Compostela.
  - Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a colaboración na emisión de Informes Periciais Psicolóxicos.
  - Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a Asistencia Psicolóxica especializada ás Vítimas nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán Existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense.
10. Servizo de Mediación en Asuntos Cívís e Mercantís.
11. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.
12. Eventos colexiais.
13. Representación Colexial nos Consellos da Administración.
14. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

15. Relacións e colaboracións institucionais.
16. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España.
17. Publicacións.
18. Medios de comunicación.
19. Servizos colexiais.
20. Balances económicos.

## 1. ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2017

### ALTAS

Última promoción	54
Outras promocións	116
Reincorporacións	5
Traslados	17
Xubilación	5
Asociados/as	1

### BAIXAS

Voluntarias	93
Por falta de pagamento de cotas	10
Traslados	22
Defunción	3
Xubilación	5

Total de colexiados e colexiadas a 31-12-2017: 2.917

### Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía e Saúde	313
Sección de Psicoloxía Educativa	95
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	93
Sección de Psicoloxía Xurídica	146
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	37

## 2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

### 2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 10 de xaneiro. Sesión extraordinaria.
- 14 de marzo. Sesión ordinaria.
- 12 de decembro. Sesión ordinaria.

### 2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

**M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada** (G-1173), decana.

**Hipólito Puente Carracedo** (G-0313), vicedecano. Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e responsable da páxina web.

**José Manuel Oreiro Blanco** (G-1285), secretario (a partir do 10 de xaneiro). Responsable de *Cadernos de Psicoloxía* e coordinador coa Sección de Psicoloxía Xurídica.

**M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez** (G-0793), vicesecretaria. Responsable de emprego e do fondo bibliográfico e psicométrico. Coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión e para a prevención do Intrusismo.

**Miguel Ángel Chouza Ponte** (G-0066), tesoureiro. Responsable de servizos colexiais e formación.

**José Luis Domínguez Rey** (G-0136), vogal. Responsable da Circular Informativa do COPG, correspondente de Infocop e coordinador da Sección de PTO.

**Alejandra Isabel Fernández Rodríguez** (G-1540), vogal (a partir do 10 de xaneiro). Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

**Ana Isabel Martínez Arranz** (G-2573), vogal. Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

**Olegaria Mosqueda Bueno** (G-1024), vogal. Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa.

**Eva Muíño Gómez** (G-1281), vogal. Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade.

**Marta Rivas Rodríguez** (G-3609), vogal. Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía (ata 18 de setembro).

**M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez** (G-3064), vogal. Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e responsable de dinámica sociocultural.

**Víctor Manuel Torrado Oubiña** (G-1625), vogal. Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde/ Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía (a partir do 18 de setembro).

Celebráronse un total de 11 reunións da Xunta de Goberno para a dirección e a xestión da actividade colexial.

### 3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

#### Composición da Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Suárez Martínez, presidenta desde o 13 de decembro de 2017.

Francisco Blanco Romero (*presidente ata o 12 de decembro de 2017 por finalización do mandato*).

Irene Martínez Montero (*secretaria desde o 13 de decembro de 2017*).

Carmen González Pais (*ata o 12 de decembro de 2017 por finalización do mandato*).

Katia Rolán González (*desde o 13 de decembro de 2017*).

M<sup>a</sup> Teresa Hermida Pérez

Margarita de la Calle Bermejo

*vogais*

Marta Rivas Rodríguez (*ata o 3 de xullo de 2017*).

Víctor M. Torrado Oubiña (*desde o 13 de decembro de 2017*).

*Coordinación coa Xunta de Goberno*

#### Reunións celebradas

Celebráronse un total de seis reunións ordinarias.

21 de xaneiro

20 de marzo

18 de maio

13 de xullo

18 de setembro

13 de novembro

Nestas xuntanzas contouse coa presenza de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, quen asesorou permanentemente en asuntos de carácter legal.

#### a) Actividades

##### Resumo:

Quedaban 12 expedientes pendentes do ano 2016, que se resolveron da seguinte forma:

- 6 expedientes son admitidos a trámite e foron resoltos.
- 6 expedientes non foron admitidos.

Durante o ano 2017 abríronse 33 expedientes e a súa situación é a que segue:

- 12 expedientes non admitidos a trámite.
- 6 expedientes admitidos a trámite, pendente de resolución.

- 11 expedientes pendentes de información preliminar para a valoración da súa admisión a trámite.

Total expedientes:			
Expedientes pendentes (2016):			12
Expedientes novos (2017):			33
		<b>TOTAL:</b>	<b>45</b>
Estado dos expedientes:			
Expedientes resoltos:			28
Expedientes pendentes de decisión a trámite:			14
Expedientes pendentes de proposta:			3
Tramitación de expedientes:			
Expedientes admitidos a trámite:	13	(31,7%)	
Expedientes non admitidos a trámite:	18	(43,9%)	
Expedientes pendentes de decisión a trámite:	14	(24,4%)	
Sancións propostas:			
Expedientes con proposta de sanción:			10
Expedientes sen proposta de sanción:			0
Expedientes en suspensión (art. 2 Reg. Proc. Sancionador)			3

Artigos do Código Deontolóxico da Psicoloxía con proposta de sanción:

Art. 5 CDP en 4 expedientes  
 Art. 6 CDP en 9 expedientes  
 Art. 11 CDP en 1 expediente  
 Art. 12 CDP en 1 expediente  
 Art. 15 CDP en 5 expedientes  
 Art. 18 CDP en 1 expediente  
 Art. 22 CDP en 1 expediente  
 Art. 23 CDP en 1 expediente  
 Art. 24 CDP en 1 expediente  
 Art. 25 CDP en 4 expedientes  
 Art. 29 CDP en 3 expedientes  
 Art. 39 CDP en 1 expediente  
 Art. 42 CDP en 2 expedientes  
 Art. 44 CDP en 1 expediente  
 Art. 48 CDP en 5 expedientes  
 Art. 51 CDP en 2 expedientes

#### b) Servizo de consultas:

Servizo ao cal poden dirixirse consultas para propoñer dúbidas sobre cuestións éticas e deontoloxía do exercicio da profesión. Durante este ano, a data 31 de decembro de 2017, déuselle resposta a un total de 34 consultas, é dicir, o 89,47 % das consultas efectuadas.

#### c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse como Comisión Electoral para o proceso electoral á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

#### d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

A Comisión este ano presentou tres colaboracións. As temáticas abordadas foron:

- Comunicado da Comisión en relación á falta de resposta das persoas colexiadas ante a convocatoria do Seminario Básico en Ética e Deontoloxía .
- “Recomendacións deontolóxicas na intervención profesional” .
- “O respecto ao principio de autonomía” .

#### e) Formación:

- Impartíuse do módulo “Ética e Deontoloxía” para o alumnado do Practicum de 4º curso do Grao de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no marco dun convenio asinado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e a Facultade de Psicoloxía. A actividade desenvolveuse durante os meses de outubro e novembro e contou cun total de 20 horas lectivas. Ademais dos membros da Comisión, tamén participaron José Luis Rodríguez-Arias Palomo, ex presidente da CED, e Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG.

#### f) Outras colaboracións:

- Iniciativa de formación en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para formación básica en deontoloxía a profesionais que prestan servizos nos Centros de Información á Muller (CIM).

### 4. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do valedor/a das colexiadas e dos colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como a persoa que defende os dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das colexiadas e colexiados:

**Elixio A. Domarco Álvarez**

Ao longo do presente ano foi reclamada a actuación do valedor nunha ocasión das que prescribe o regulamento que ordena as competencias desta instancia.



## 5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

### 5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

#### Composición da Xunta Directiva

##### Ata o 1 de decembro:

Francisco Xavier Sardiña Agra  
*Presidente*  
Delia Guitián Rodríguez  
*Vicepresidenta*  
José Eduardo Rodríguez Otero  
*Secretario*  
Luis Carlos Álvarez García  
*Tesoureiro*  
Alicia Carballal Fernández  
Rosa Cerqueiro Landín  
Ignacio Dopico González (ata o 28 de marzo)  
Mercedes Fernández Cabana  
Dolores Mosquera Barral  
*Vogais*

##### A partir do 1 de decembro:

José Eduardo Rodríguez Otero  
*Presidente*  
Alicia Carballal Fernández  
*Vicepresidenta*  
Carlos José Losada López  
*Secretario*  
Mercedes Fernández Cabana  
*Tesoureira*  
María Blanco Suárez  
*Vogal*  
Alba Fernández Revaldería  
*Vogal*  
Marta González Rodríguez (ata o 5 de decembro)  
*vogal*  
Eduardo Martínez Lamosa  
*Vogal*

#### Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

31 de xaneiro  
28 de marzo  
23 de maio  
27 de xuño  
19 de setembro  
14 de novembro

20 de decembro

## Actividades

### a) Formación:

- Curso “Avaliación e intervención neuropsicolóxica nas persoas con trastornos do espectro autista”  
Datas: 17 e 18 de febreiro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadoras: Rocío García Calvo e Vanessa Vilas Riotorto  
Docente: Cecilia Otero Dadín. Membro do equipo directivo do Centro Interdisciplinar Paso a Paso en Sanxenxo. Licenciada en Psicoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- Curso “A primeira entrevista en psicoloxía clínica”  
Datas: 9 e 10 de xuño.  
Lugar: Aula Docencia. Hospital Psiquiátrico de Conxo (CHUS).  
Coordinador: Luis Carlos Álvarez García.  
Docente: Yolanda Castro Casanova. Psicóloga clínica na Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica do Complexo Hospitalario de Ourense. Durante máis de 15 anos vinculada ao equipo de supervisión clínica da Unidade de “Venres Clínicos” da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e actualmente titora de residentes en psicoloxía clínica.
- Curso “Terapia de grupo en contexto hospitalario e atención primaria”  
Datas: 29 e 30 de setembro.  
Lugar: Salón de actos do Hospital Marítimo de Oza.  
Coordinadora: Alicia Carballal Fernández  
Docentes: Miguel Gárriz Vera, psicólogo clínico e corresponsable do deseño e implementación, durante dous anos e medio, do Programa de Soporte á Primaria do CSMA do Hospital Clinic de Barcelona; e Jorge García Fernández, psicólogo clínico na Unidade de Interconsulta e Enlace no Complexo Hospitalario da Coruña desde 2003.
- Curso “A caixa de area como ferramenta en psicoterapia”  
Datas: 21 de outubro.  
Lugar: Aula de docencia do Edificio Cirúrxico. Complexo Hospitalario de Ourense.  
Coordinadores: Yolanda Maroño Souto e José Eduardo Rodríguez Otero.  
Docente: Raquel Espantoso San José. Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica. Co-directora do Centro de Psicoterapia Agarimo en Pontevedra, desempeñando labores asistenciais que implican a avaliación e intervención psicolóxica con menores e adultos.

### b) Xornadas da Sección:

XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde “Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada desde o estrés desde o comunitario”.

Datas: 16, 17 e 18 de novembro.

Lugar: Edificio Liceo en Betanzos.

#### Comité Organizador:

Lidia Sánchez Edreira, Presidenta

Rosa Cerqueiro Landín

Vanessa Vilas Riotorto

*Vogais*

**Comité Científico:**

Carlos José Losada López, *presidente*  
Alicia Carballal Fernández  
Henar de la Torre Hernández  
Vogais

**c) Anuario de Psicoloxía e Saúde:**

O Consello de Redacción está composto por:

**Ata o 16 de novembro:**

Marta González Rodríguez  
Adalberto Iglesias Doval  
Noelia Pita Fernández  
Patricia María Tamara Rego Ribeiro  
Xacobe Abel Fernández García  
Delia Guitián Rodríguez  
Sabela Bermúdez Míguez

**A partir do 17 de novembro:**

M<sup>a</sup> Gabriela Domínguez Martínez (directora)  
Noelia Pita Fernández  
Isabel Figueroa Matallín  
Paula Rodríguez Vázquez  
Almudena Campos González  
Ricardo Vázquez Gómez

**Anuario de Psicoloxía e Saúde número 9: "O DANO".**

Edición en formato dixital, presentado nas XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.

**d) Grupos de traballo:**

**Grupo de Traballo dos Titores e Titoras dos/as Especialistas en Formación en Psicoloxía Clínica (PIR):**

As persoas integrantes deste grupo son:

Luis Carlos Álvarez García (Santiago, coordinador) / Manuel Castro Bouzas (Ferrol) / Miguel Anxo García Álvarez (Santiago) / Gonzalo Martínez Sande (A Coruña) / Delia Guitián Rodríguez (Lugo) / José Javier González Hermida (Ourense) / Yolanda Castro Casanova (Ourense) / María Isabel Lorenzo García (Pontevedra) / Rafael Fernández Martínez (Vigo).

**Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Vanessa Vilas Riotorto (coordinadora) / Rocío García Calvo / Jorge Bajo Lema / Francisco Xavier Sardiña Agra.

**Grupo de Traballo de Atención Primaria:**

As persoas integrantes deste grupo son:

Alicia Carballal Fernández (coordinadora) / María José Carreira Vidal / Cristina Alonso Vilar / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López

#### Grupo de Trabajo de Estudio do Trastorno Mental Grave:

As persoas integrantes deste grupo son:

Luis Carlos Álvarez García (coordinador) / Noemí Adan Zúñiga / Yolanda Castro Casanova / Almudena Campos González / Manuel Castro Bouzas / Alba Fernández Revaldería / M<sup>a</sup> Soledad Filgueira Bouza / Adalberto Iglesias Doval / Carlos José Losada López / Inmaculada Sangiao Novio / M<sup>a</sup> Jesús Vázquez Carreira / José Ignacio Vázquez Rodríguez/ Sara Cabezudo Fernández.

- e) Participación nas Comisións intersectoriais de Mediación e de Xénero.
- f) Participación na Comisión de Avaliación de Expedientes para a Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias do COPG.
- g) Participación na Comisión de Avaliación de Expedientes para a Acreditación de Psicólogo ou Psicóloga Experta en Neuropsicoloxía Clínica.
- h) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.
- i) Asistencia ás reunións da Mesa Galega da Psicoloxía Clínica.
- j) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”.
- k) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- l) Representación no Grupo de Traballo Intersectorial COPG 2017 “Pola Infancia”.
- m) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.
- n) Asistencia en representación da sección á reunión Interterritorial de Psicoloxía Clínica e da Saúde e a convención, ambas celebradas en Oviedo no marco do III Congreso Nacional de Psicología.

## 5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

### Composición da Xunta Directiva

Manuela del Palacio García  
*Presidenta*  
Ana M<sup>a</sup> Ulloa Lage  
*Vicepresidenta*  
M<sup>a</sup> Asunción Teijeira Bautista  
*Secretaria*  
M<sup>a</sup> Begoña Castro Iglesias  
*Tesoureira*  
Purificación Alberte Iglesias  
Nuria Lago Fernández

## Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

19 de xaneiro  
3 de febreiro  
2 de marzo  
27 de abril  
30 de maio  
8 de xuño (assemblea de socios e socias)  
14 de setembro  
24 de outubro  
23 de novembro

## Actividades

### a) Formación:

- Xornada “Estratexias para a intervención e inclusión psicoeducativa do alumnado con trastornos do espectro autista”.  
Data: 3 de febreiro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadora: Nuria Lago Fernández.  
Reladoras: Marlene Horna Castiñeiras, licenciada en Psicoloxía, Diploma de Estudos Avanzados e Máster en Atención Temperá pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade, traballa de xeito particular e na asociación BATA, dando apoio a persoas con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA); Beatriz López Pires, diplomada en Maxisterio e licenciada en Económicas pola Universidade de Vigo. Na actualidade, exerce o seu labor profesional como titora de Educación Primaria no C.E.P. Santa Mariña de Redondela (Pontevedra); e Amelia Lago Andión, diplomada en Maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en Audición e Linguaxe. Actualmente, exerce o seu labor profesional como titora de Educación Primaria no C.E.P. Santa Mariña de Redondela (Pontevedra).
- Xornada de presentación da Guía “Axúdalle fronte ao acoso escolar”.  
Data: 30 de xuño.  
Lugar: Salón de actos do COPG.

### b) Documentación elaborada:

- Guía “Axúdalle fronte ao acoso escolar”. Sección de Psicoloxía Educativa.
- Comunicado sobre as bolsas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Sección Psicoloxía Educativa co asesoramento da avogada do COPG, Cecilia Barros Díaz.
- A escolaridade dos nenos prematuros. Ana M<sup>a</sup> Ulloa Lage e Purificación Alberte Iglesias.

c) Participación nas Comisións intersectoriais de Mediación e de Xénero.

d) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

e) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”.

- f) Participación no Grupo de Traballo Intersectorial COPG 2017 “Pola Infancia”.
- g) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- h) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.
- i) Participación no Ciclo de Charlas “A práctica profesional da Psicoloxía”, celebradas pola Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

### 5.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

#### Composición da Xunta Directiva

Dolores Seijo Martínez  
*Presidenta*  
 María Penado Abelleira  
*Vicepresidenta*  
 Milagros Martínez García  
*Secretaria en funcións*  
 María Filomena Garrido Blanco  
*Tesoureira*  
 M<sup>a</sup> Alba Sousa González  
 Lucía Monroy Fernández  
 Concepción Fernández Martínez  
 Ricardo Fandiño Pascual  
*Vogais*

#### Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:  
 21 de xuño  
 22 de decembro (assemblea de socios e socias e xornada electoral da Sección)

#### Actividades

##### a) Formación:

- Obradoiro: “Tratamento penitenciario dos delitos de violencia de xénero. É posible a reeducación social”.  
 Data: 28 de xaneiro.  
 Lugar: Salón de actos do COPG.  
 Coordinadora: Concepción Fernández Martínez.  
 Relator: Víctor Fraga Gayoso. Licenciado en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Funcionario de carreira desde 1982.
- Obradoiro “Neuropsicoloxía forense”.  
 Data: 11 de febreiro.  
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
 Coordinadora: María Filomena Garrido Blanco.

Relatora: Candela Gracia Morillo. Licenciada en Psicología, colexiada no Colexio Oficial de Psicología de Andalucía Occidental.

- Obradoiro “Programas de intervención en violencia filio - parental” .  
Data: 18 de febreiro.  
Lugar: Centro Municipal de Teis (Vigo).  
Coordinador: Ricardo Fandiño Pascual.  
Relatores: María González Álvarez, doutorada en Psicología Clínica, Legal e Forense pola Universidad Complutense de Madrid. Licenciada en Psicología, Máster en Psicología Xeral Sanitaria e en Psicología Clínica e da Saúde. Responsable desde 2007 do Programa de Adolescentes Agresivos centrado en violencia filio-parental da Universidad Complutense de Madrid. Juan Luis Basanta Dopico, doutor pola Universidade de Vigo. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación. Psicólogo do Xulgado e Fiscalía de menores de Ourense.
- Obradoiro : A peritaxe psicolóxica en materia familiar e civil desde a perspectiva da xustiza (tj)  
Data: 2 e 3 de xuño.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadoras: Lucía Monroy Fernández e Concepción Fernández Martínez.  
Relatora: Olga Leticia Galicia García. Psicóloga pola Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM). Máster en Ciencias do Comportamento, rama Neurociencias (U de G). Presidenta do Colegio Mexicano de Profesionistas de la Psicología (COMEPPSI). Perita en psicología polo Consejo de la Judicatura del Tribunal Superior de Justicia da cidade de México e do Consejo de la Judicatura do Poder Judicial de la Federación.
- Curso “Terrorismo e crise: análise desde unha perspectiva psicolóxica e xurídica” .  
Data: 10 e 11 de novembro e 16 de decembro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadora: María Filomena Garrido Blanco  
Docentes: Ana del Valle Couto. Licenciada en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en Criminoloxía na Universitat de Barcelona. Directora de Ticket2Europe. Xestión de proxectos europeos en materia de xuventude e cooperación. Francisco Duque Colino. Psicólogo Especialista en Psicología Clínica. Exerce no Hospital General Universitario Gregorio Marañón como experto en intervención en crise, especialmente en trauma agudo e vítimas de feitos violentos. Javier Martín Peña. European PhD (Tese doutoral con Mención Europea, por compendio de publicacións) en Psicología Social. Departament. de Psicología Social da Universitat de Barcelona. Profesor contratado doutor na Facultade de Ciencias Sociais e Traballo. Dpto. de Psicología e Socioloxía. Área de Psicología Social. Universidad de Zaragoza e no departamento de Psicología Social na Facultade de Psicología da Universitat de Barcelona.

## b) Grupos de traballo:

### Grupo de Traballo de Psicología Xurídica e das Forzas Armadas e dos Corpos de Seguridade

Constituído no ano 2015 co obxectivo de promover o desenvolvemento científico e profesional neste ámbito, composto polos seguintes membros da Sección e coordinado por María Filomena Garrido Blanco.

Milagros. M Martínez García  
Andrea Abilleira Escudero  
Angela Díaz del Río Lago  
Patricia Fernández Varela  
María Manuela Rodríguez Martínez  
María Isabel Rodríguez Prego  
Javier Dezagore Limeres  
Victoria Romero Vieira  
M<sup>a</sup> Begoña Hermida Martínez

## Reunións

O Grupo celebrou as seguintes reunións:

10 de febreiro

7 de abril

### c) Publicacións:

A sección convocou o “Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG” con dous recoñecementos para os profesionais da psicoloxía colexiados que desenvolvan o seu traballo no ámbito da psicoloxía xurídica. Este premio tiña como obxectivo recoñecer a labor dos investigadores e investigadoras galegas na innovación e desenvolvemento da psicoloxía xurídica.

A Comisión de Valoración, na súa reunión do 28 de novembro, acordou outorgar os recoñecementos aos seguintes traballos:

- Hipóteses Undetsh e o Criterio Based Content Analysis. Unha revisión meta- analítica, presentado por Bárbara González Amado, colexiada G-5570.
  - A escala de validez F (MMPI-2) en simulación: unha revisión meta- analítica, presentado por Alba Varela Tato, colexiada G-5400.
- d) Participación nas Comisións intersectoriais de **Mediación e de Xénero**.
- e) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.
- f) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”.
- g) Participación no Grupo de Traballo Intersectorial COPG 2017 “Pola Infancia”.
- h) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- i) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.

## 5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

### Composición da Xunta Directiva

José Luis Domínguez Rey

*Coordinador*

M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez

Carlos Montes Piñeiro

José Manuel Campal Fernández

Ana Entenza Vidal

Mónica Couso Fuentes

Israel Villar Enjo

Antonio Fuertes Saavedra (desde 21 de marzo).

Sandra Iglesias Rodríguez (desde 10 de outubro).

Julio González Morandeira (desde 21 de marzo).

*Vogais*

### Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

21 de xaneiro



10 de outubro  
2 de decembro (assemblea de socios e socias)

## Actividades

### a) Formación:

- Foro “A xestión de persoas nas organizacións. Negociando co futuro”.  
Data: 1 de abril.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinador: José Luis Domínguez Rey.  
Relatores: Rafael García Sánchez. Director de ARANOVA RH Consultores. Presidente do Comité Técnico de Normalización da ISO/TC-260. Santiago Medín Díaz. HR Manager de GO! People R. Talent. Consultoría RR.HH. Ana Entenza Vidal. Directora de Desenvolvemento de Proxectos. EGA Consultores. Membro de coordinadora da Sección de PTO do COPG.
- Sesión Interactiva “Equipos e persoas: intervención profesional”.  
Data: 18 de abril.  
Lugar: Salón de actos da Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordina: José Luis Domínguez Rey.  
Relatores: José Luis Domínguez Rey. Coordinador da Sección PTO. Ana Entenza Vidal. Directora de Desenvolvemento de Proxectos. EGA Consultores. Membro de coordinadora da Sección de PTO do COPG.
- Foro “Empresa e Universidade: necesidades formativas e práctica profesional en”.  
Data: 21 de outubro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinador: José Luis Domínguez Rey.  
Relatores: Dámaso Rodríguez Fernández. Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC). José Ortuño Vilurbina. Xerente de Relevo Xeracional de Repsol. Complexo Industrial da Coruña

### b) Grupos de traballo:

#### **Grupo de Traballo Orientación Sociolaboral: Avaliación, Desenvolvemento de Carreira, *Counseling* e Intervención.**

Composición: José Manuel Campal Fernández (Coordinador), M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez, Sofía Díaz Martínez, M<sup>a</sup> del Carmen Patiño García, Mónica Couso Fuentes, M<sup>a</sup> Teresa Hermo López.

Celebráronse nas seguintes datas:

11 de febreiro  
3 de xuño  
14 de outubro  
18 de novembro

Elaboración do tríptico informativo “Psicoloxía na Orientación Sociolaboral”, que aborda as competencias e funcións que pode ofrecer un psicólogo ou psicóloga en orientación e intervención sociolaboral.

#### **Grupo de Traballo Saúde e Benestar Ocupacional**

Composición: Carlos Montes Piñeiro, José Manuel Campal Fernández, Mónica Couso Fuentes, M<sup>a</sup> del Carmen Patiño García, M<sup>a</sup> Fabiola Pinín Paleo e José Romay Martínez.

- c) Participación nas Xornadas Técnicas do ISSGA “Traballos saudables en cada idade. Idade e diversidade: impacto na xestión de prevención de riscos laborais”, celebradas en Lugo os días 19, 20 de outubro, coa intervención de Antonio Fuertes Saavedra, membro do Grupo de Traballo “Saúde e Benestar Ocupacional” da sección.
- d) Participación no grupo de traballo virtual “Xestión das emocións nos entornos organizacionais”, da División de PTORH do Consejo General de la Psicología.
- e) Asistencia do coordinador ao III Congreso Nacional de Psicología, baixo o título “Psicología para una sociedad avanzada. Logros y retos”.
- f) Participación nas mesas de traballo da IV Convención do Consejo General de la Psicología, celebrada no marco do III Congreso Nacional de Psicología “Una ciencia, una profesión”.
- g) Elaboración do traballo “Valoración e revisión de ferramentas psicométricas”.
- h) Difusión da Norma UNE-ISO 10667 entre os Colexiados e Colexiadas e os estudantes universitarios para dar visibilidade profesional e divulgación das competencias.
- i) Participación no obradoiro “A supervisión de competencias profesionais no marco do Certificado Europeo de Psicoloxía (Europsy)” do Consejo General de la Psicología.
- j) Participación no I Congreso Internacional sobre “Prevención e seguridade industrial 4.0”, organizado pola Asociación de Profesionais de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- k) Participación nas Comisións intersectoriais de **Mediación e de Xénero**.
- l) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*. Colaboración na elaboración do monográfico “Psicoloxía do traballo, das organizacións e Recursos Humanos”, publicado no nº 36 da citada publicación).
- m) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”.
- n) Participación no Grupo de Traballo Intersectorial COPG 2017 “Pola Infancia”.
- o) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- p) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG e colaboración co mesmo a través do estudo “Exposición aos riscos no colectivo profesional de xornalistas de Galicia”.

## 5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

### Composición da Xunta Directiva

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas  
*Presidenta*  
 M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero  
*Vicepresidenta*  
 M<sup>a</sup> Celeste Porto Gómez

*Secretaria*

José Luis Santos-Ascarza Bacariza

*Tesoureiro*

M<sup>a</sup> Elena Bastos Expósito

Olivia Losada Díez

María Lueiro Mendoza

M<sup>a</sup> Elena Seoane de la Fuente

*Vogais*

Actividades

a) **Formación:**

- Curso Xestión de conflitos na comunidade.  
Data: 14 de outubro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadores: M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas e Xabier Macias Virgós  
Docente: Yolanda Muñoz Hernán. Psicóloga responsable da Fundación Gizagune (Euskadi).  
Con experiencia na transformación dos conflitos e en diversas metodoloxía de xeración de consensos e procesos de toma de decisións dialogadas.
- Sesión Informativa de psicoloxía da Intervención Social.  
Data: 18 de novembro.  
Lugar: Centro Sociocultural de Santa Marta.  
Coordinadora: M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas  
Relatores: Encarna Álvarez Gallego. Psicóloga e xerontóloga. Ximena Campos Pérez. Socióloga e xerontóloga. Luis García Villameriel. Vogal de Cooperación Internacional e Dereitos Humanos. Psicólogos Sin Fronteras. Madrid.
- Xuntanza "Facendo camiño en psicoxerontoloxía: Consensos básicos sobre avaliación".  
Data: 30 de setembro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.

b) **Grupos de traballo:**

**Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento.**

Composición: Olivia Losada Díaz, coordinadora, Pedro Santamaría Gargamala, Arturo José Pereiro Rozas, Guadalupe Oroña Quintáns, Cristina Lojo Seoane, Noelia Martínez Villaverde.

- c) Elaboración dun cuestionario de intereses coa intención de ser profesionais actualizados e de alta calidade.
- d) Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.
- e) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero "Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros".
- f) Participación no Grupo de Traballo Intersectorial COPG 2017 "Pola Infancia".
- g) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- h) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.

- i) Representación do COPG no **Espazo Dialoga**, conformado polo COPG, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- j) Participación coa Federación e Grupo de Traballo en demencias FAGAL.
- k) Participación no **Consello Galego de Benestar Social**.
- l) Participación co Concello de Santiago de Compostela para o abordaxe das persoas sen teito.
- m) Asistencia da coordinadora ao III Congreso Nacional de Psicología, baixo o título "Psicología para una sociedad avanzada. Logros y retos".
- n) Membro da Comisión Redactora do Máster Universitario da Psicología da Intervención Social e Comunitaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que se implantará no curso 2018 - 2019.
- o) Proposta de subvención do proxecto "Psicología para todos" da Obra Social La Caixa.

## 6. COMISIONS

### 6.1. COMISION INTERSECTORIAL DE MEDIACION

A Comision Intersectorial de Mediacion esta formada por unha persoa de cada unha das seccion nomeada por cada unha destas.

A Comision ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicacion da mediacion tanto entre as colexiadas e colexiados como nas institucion e na sociedade en xeral.

#### Composicion da Comision

Hipólito Puente Carracedo  
*Coordinador*  
M<sup>a</sup> Elsa Rodríguez Viña  
*Sección de Psicología e Saúde*  
Ana M<sup>a</sup> Ulloa Lage  
*Sección de Psicología Educativa*  
M<sup>a</sup> Elena Bastos Expósito  
*Sección de Psicología da Intervención Social*  
Carlos Montes Piñeiro  
*Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións*  
M<sup>a</sup> Dolores Seijo Martínez  
*Sección de Psicología Xurídica*  
Eva Muño Gómez  
*Grupo de Tráfico e da Seguridade*

#### Reunions:

Celebráronse nas seguintes datas:

23 de maio

6 de xuño

26 de setembro

### 6.2. COMISION INTERSECTORIAL DE XENERO

Esta composta por unha persoa de cada unha das seccion xunto coa coordinadora da Comision dos Centros de Informacion á Muller (CIM) e as persoas coordinadoras dos Programas de Atención Psicoloxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xenero e Abramos o Círculo.

#### Composicion da Comision

Concepción Rodríguez Pérez  
*Coordinadora*  
M<sup>a</sup> Begoña Castro Iglesias  
*Sección de Psicología Educativa*  
Rosa Cerqueiro Landín (ata o 31 de xaneiro)  
Mercedes Fernández Cabana (desde o 31 de xaneiro)  
*Sección de Psicología e Saúde*  
Concepción López Martín (ata 10 de outubro)  
Sandra Iglesias Rodríguez (desde o 22 de maio)  
*Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións*  
Concepción Fernández Martínez  
*Sección de Psicología Xurídica*  
María Lueiro Mendoza  
*Sección de Psicología da Intervención Social*  
Rubén Villar Trencó

*Coordinador do Programa Abramos o Círculo*

Fátima López Rodríguez

*Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero*

Cristina García Núñez (desde o 28 de abril)

*Coordinadora Grupo de Traballo dos CIMs*

## Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

12 de xaneiro

11 de xullo

## Actividades

- a) Constitución do **Comité Organizador** das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”.

Composición:

Mª Rosa Álvarez Prada, Fátima López Rodríguez, Rubén Villar Trencó, Concepción Rodríguez Pérez, Margarita de la Calle Bermejo, Concepción Fernández Martínez, Mª Begoña Castro Iglesias, Mª Jesús López Cernadas, Mercedes Fernández Cabana, Sandra Iglesias Rodríguez, Miguel Ángel Chouza Ponte.

Reunións

18 de xaneiro

15 de febreiro

11 e xullo

- b) Asistencia da coordinadora ao III Congreso Nacional de Psicología “Una ciencia, una profesión”.
- c) Participación no Comité Organizador das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero “Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros”, co lema “A violencia de xénero non deixa crecer a humanidade”.
- d) Participación na campaña “Compostela en negro” do Concello de Santiago de Compostela, para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.
- e) Organización do concurso de carteis “Pola igualdade” dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO, no que resultou premiado “Doker” de Danil Lutsenko, estudante do CPI Camiño de Santiago (O Pino - A Coruña), que recolleu o seu premio o 12 de decembro.
- f) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

## 6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Composición da Comisión

Mª Dolores González Fernández

*Coordinadora*

Eva Mª García Quinteiro

Graciela Lois Río  
Julio Manuel Prol Bao  
Delfina Vicente Santiago  
Iria Salvador Pérez  
Constantino Arce Fernández  
Rubén López López  
Lesmes Manuel Rivas Iglesias

#### Reunións:

28 de marzo  
15 de decembro

#### Actividades:

a) Comisión galega de control da violencia

A coordinadora da Comisión, M<sup>a</sup> Dolores González Fernández e a decana do COPG, representan como titular e suplente respectivamente, a Comisión Galega de Control da Violencia da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que botou a andar neste ano 2017 e está dirixida a diminuír e combater a violencia en todas as súas dimensións no ámbito deportivo.

b) Asistencia ao III Congreso Nacional de Psicología “Una ciencia, una profesión”.

c) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

## 6.4 COMISIÓN DE CULTURA

#### Composición:

Concepción Rodríguez Pérez. *Coordinadora*  
José Luis Domínguez Rey.

a) X Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG Rosa de Cen Follas

#### Xurado:

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada. *Decana*  
Concepción Rodríguez Pérez. *Coordinadora da Comisión de Cultura e escritora*  
Joel Gómez. *Xornalista*  
Iolanda Rodríguez Aldrei. *Escritora*

- Convocatoria dos Premios de Narrativa e Poesía Rosa de Cen Follas o 17 de abril.
- Presentáronse un total de 68 obras, das cales 37 foron na modalidade de narrativa e 31 na de poesía.
- Reunión do xurado no mes de novembro co fin de deliberar o fallo dos premios de poesía e narrativa do mesmo.
- O 12 de decembro tivo lugar na sede do COPG a entrega de premios do X Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia Rosa de Cen Follas.

- A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG e vogal da Xunta de Goberno, Concepción Rodríguez Pérez, fixeron entrega dos galardóns ás persoas gañadoras desta edición. Na modalidade de poesía, a galardoada foi Verónica Martínez Delgado, mentres que na categoría de narrativa, o premiado foi Carlos Méndez Leis. Tamén se fixo entrega de dúas mencións especiais a Purificación Leal Docampo e Xosé Pompei.
- b) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

## 6.5 COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

### Composición da Comisión

M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez, *vicesecretaria do COPG* (ata o 10 de xaneiro).  
 José Manuel Oreiro Blanco, *secretario do COPG* (a partir do 10 de xaneiro).  
 Xavier Sardiña Agra, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde* (ata o 1 de decembro).  
 José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde* (a partir do 1 de decembro).  
 Rosa Cerqueiro Landín, *secretaria da Sección de Psicoloxía e Saúde* (ata o 1 de decembro).  
 Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde* (a partir do 1 de decembro).

### Actividades

Reuniuse en 6 ocasións en 2017. Resolvéronse 21 expedientes positivos, 8 negativos e un requirimento de documentación.

## 6.6 COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PARA A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, pseudociencias, así como dos/as profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

### Composición da Comisión

M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez, *coordinadora*.  
 José Manuel Pazos Riveiro  
 Xabier Macías Virgós  
 Mercedes Carreño Fernández (ata o 31 de decembro).



## Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

17 de xaneiro  
16 de marzo  
7 de setembro  
21 de novembro

Reunións celebradas pola Comisión de Intrusismo de Unión Profesional de Galicia en 2017:

21 de abril

Reunións celebradas polo grupo de traballo do COPG co Colexio de Xornalistas en 2017:

4 de febreiro  
18 de marzo

## Actividades:



- a) No mes de febreiro de 2017 desde a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo aprobouse a creación dun portelo na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia co nome "STOP Intrusismo COPG" para facilitar que calquera usuario ou usuaria puidera poñer en coñecemento da Comisión os posibles casos de intrusismo profesional na nosa profesión.

- b) Ao longo do ano 2017, tramitáronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de **31 expedientes** por intrusismo profesional, os cales foron abordados pola Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG.

As casuísticas máis comúns de queixa son as de profesionais doutro ámbito realizando actividades propias da psicoloxía, a mala denominación da súa titulación denominándose como psicólogos ou psicólogas clínicas sen estar en posesión do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, ou psicólogos e psicólogas colexiadas noutra comunidade autónoma sen acatar o artigo 3.2 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro e a súa reforma na Lei 25/2009, de 22 de decembro (Lei Ómnibus), a cal indica que é requisito para o exercicio da profesión estar inscrito no colexio profesional de psicoloxía correspondente segundo a comunidade autónoma na que exerza. Tamén houbo un incremento de expedientes por persoas da rama das denominadas pseudociencias que realizan prácticas propias do ámbito da psicoloxía.

A finais de ano un total do 75 % dos expedientes abertos estaban pechados con éxito.

- c) En 2017 tivo continuidade o Grupo de Traballo da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo do Colexio de Psicoloxía eo Colexio de Xornalistas coa fin de abordar temáticas do tratamento do sufrimento humano nos medios de comunicación desde os dous ámbitos profesionais coa finalidade da redacción dun documento conxunto para a súa difusión a finais do primeiro semestre do 2017.
- d) O 3 de outubro de 2017 celebrouse en Santiago de Compostela a xornada baixo o título "Información e sufrimento" en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de

Galicia. Nesta xornada fíxose a presentación do documento "INFORMA\_DOR" no que se recollían as conclusións do Grupo de Traballo conxunto entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Un documento despregable que sintetiza unha serie de recomendacións prácticas e información de interese para a abordaxe de noticias sobre violencia contra a muller, suicidio, saúde mental, menores, emerxencias, catástrofes e persoas desaparecidas. Este documento que quere contribuír a unha chamada de atención sobre as eivas que se detectan con frecuencia na elaboración de novas, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano, xa que son de carencia que, en moitas ocasións, non respectan o dereito á intimidade e á propia imaxe das vítimas e que en moitas outras acaban por incrementar a súa dor. Os relatores desta xornada foron José Luis Rodríguez-Arias Palomo, psicólogo clínico, e Rosa M<sup>a</sup> Calaf Solé, xornalista. Actuaron como coordinadores por Xabier Macías Virgós, por parte do COPG, e Rocío Lizcano González, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

- e) A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, actuou como moderadora na Mesa sobre Saúde, ao abeiro da Xornada de Intrusismo Profesional, organizada Por Unión Profesional de Galicia e celebrada en Santiago de Compostela o 22 de novembro.
- f) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

## 7. GRUPOS DE TRABAJO

### 7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

#### Composición da Comisión Coordinadora

Ana Isabel Martínez Arranz  
*Coordinadora*  
Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo  
*Secretaria*  
M<sup>a</sup> Carmen González Hermo  
Aurora Rozadilla Arias  
José Ramón García Gómez  
Concepción López Martín  
Emma Diéguez Teijeiro  
Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines

#### Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

16 de xaneiro  
13 de febreiro  
13 de marzo  
24 de abril  
22 de maio  
19 de xuño  
10 de xullo  
1 de setembro  
16 de outubro  
13 de novembro  
11 de decembro

#### Actividades

##### a) Formación interna:

- Curso Repensando as intervencións 2016  
Data: 11 de febreiro.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadora: Aurora Rozadilla Arias.  
Relatoras: M<sup>a</sup> Leonor Galiana, Fernando González, M<sup>a</sup> Elsa Rodríguez, Marcos Álvarez, M<sup>a</sup> Luz Losada, Concepción López, Julita M<sup>a</sup> Touriño, Olegaria Mosqueda, José Ramón García, Fátima López, María Jesús Lillo, membros do GIPCE.
- Curso “Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias”  
Datas: 17, 18, 24 e 25 de marzo.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinadoras: Aurora Rozadilla Arias e Concepción López Martín.  
Docentes: Aurora Rozadilla Arias e Concepción López Martín. Membros do GIPCE
- Seminario “Dó en poboacións especiais”  
Data: 27 de maio.  
Lugar: Salón de actos do COPG.  
Coordinador: José Ramón García Gómez.  
Relatores: Jesús Martínez Carracedo, da Conferencia Episcopal Española. Julio Torres Caeiro, da Federación de Entidades Evanxélicas de España. Mustafá Alhendi, da

Comisión Islámica de España. Yerahmiel Barylka, da Federación de Comunidades Xudías de España. Rosendo Tarragó Granell, de Testigos Cristiáns de Xehová. M<sup>a</sup> del Carmen González Hermo, Asociación AMBAR das persoas con Diversidade Funcional.

- Curso: Técnicas de aceptación da realidade  
Data: 27 e 28 de outubro.  
Lugar: Sala de Xuntas Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadora: Ana Isabel Martínez Arranz  
Relator: Joaquim Soler Rivaldi. Psicólogo adxunto á Unitat de TLP, Hospital de la Santa Creu i Sant Pau. Presidente da Asociación de Terapia Dialéctico Conductual (SP-DBT). Profesor asociado. Departamento de Psiquiatría e Medicina Legal. Universidade Autónoma de Barcelona.

## b) Intervencións

Durante este ano realizáronse 24 intervencións directas e 3 máis que foron telefónicas. Tamén se realizaron 4 seguimentos de intervención principalmente nos centro educativos. Á parte destas, nas que se interveu directa ou telefonicamente, houbo dúas situacións máis nas que estivemos GIPCEs en alerta pero nas que non houbo finalmente demanda.

### Violencia de xénero:

29 de xaneiro no Carballiño (Ourense).  
20,21 e 23 de febreiro en Redondela (Pontevedra).

### Mortes violentas:

23 de xaneiro en Baños de Molgas (Ourense).  
9 e 10 de maio na Coruña.  
16 de novembro en Riotorto (Lugo).

### Suicidios:

27 de febreiro en Ponteareas (Pontevedra).  
9 de maio en Cambre (A Coruña).  
15 de xuño en Ourense.  
15 de xullo en Vigo.  
5 de outubro en Esgos (Ourense).

### Desaparicións:

12 de febreiro en Barro (Pontevedra).

### Accidentes laborais e de lecer:

4, 6 e 10 de xaneiro en Mondoñedo (Lugo).  
15 de febreiro en Lobeira (Ourense).  
26 e 27 de abril en Poio (Pontevedra).  
10 de maio en Redondela (Pontevedra).  
23 de decembro en Ribadeo (Lugo).

### Accidentes de tráfico:

1 de xuño en Rianxo (A Coruña).  
7 de xuño en Carballo (A Coruña).  
11 de xuño en Parón (A Coruña).  
9 de agosto en Curtis (A Coruña).

27 de novembro en A Coruña.  
2 de decembro en A Coruña.  
11 de decembro en Ribadeo (Lugo).

**Outras intervencións:**

10 de xaneiro en A Coruña.  
18 de xaneiro no Carballiño (Ourense).  
12, 13 e 14 de febreiro na Estrada (Pontevedra).  
18 de outubro en Nigrán (Pontevedra).  
31 de decembro en Vigo (Pontevedra).

**Vaga de incendios forestais:**

15 e 16 de outubro na provincia de Pontevedra.

**c) Alertas:**

30 de xullo en Xunqueira de Espadañedo (Ourense).  
27 de decembro no Carballiño (Ourense).

**d) Avisos 112:**

30 de xaneiro en Bóveda (Lugo).  
9 de febreiro en Tordoia (A Coruña).  
10 de febreiro en Porto do Son (A Coruña).  
28 de febreiro no Rosal (Pontevedra).  
4 de marzo na Cañiza (Pontevedra).  
4 de abril na Cañiza (Pontevedra).  
10 de abril na Coruña.  
18 de abril en Curtis (A Coruña).  
27 de maio en Santiago de Compostela (A Coruña).  
17 de xuño en Moraña (Pontevedra).  
7 de xullo en Ortigueira (A Coruña).  
11 de xullo na Coruña.

**e) Formación impartida**

- Durante este ano impartíronse as seguintes actividades formativas:

Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un total de 48 horas de formación distribuídas en 3 cursos dirixidos á Policía Local e ao voluntariado de Protección Civil.

- Curso "Incidentes con múltiples vítimas". Celebrouse os días 21 e 28 de abril, de 16 horas de duración.
- Curso "Apoio psicolóxico básico en manexo de estres con intervinientes en situacións de emerxencias e catástrofes". A primeira edición tivo lugar os días 2 e 3 de novembro e a segunda os días 30 de novembro e 1 de decembro, de 16 horas de duración.

Na Federación Galega de Municipios e provincias a través da Deputación de Lugo (FEGAMP) un total de 42 horas destinada á policía local e outro persoal adscrito aos diferentes municipios.

- Curso "Violencia de xénero". Celebrouse entre os días 13 e 20 de novembro nunha primeira edición e do 27 ao 30 de novembro na segunda edición.

- Dous seminarios no Mestrado de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade de Santiago de Compostela o 17 e o 25 de abril. O primeiro deles versou sobre os primeiros auxilios psicolóxicos e o segundo tratou sobre a intervención no accidente do tren Alvia. A duración de cada un deles foi de dúas horas.
- Impartiuse unha charla informativa sobre apoio psicolóxico en emerxencias, levada a cabo desde o programa de formación para obter o certificado de profesionalidade de transporte público.
- Participación nas II Xornadas de atención e apoio ao alumnado con enfermidade crónica na mesa "Apoio psicolóxico en emerxencias", organizadas pola Consellería de Educación para o profesorado dos centros educativos. Celebrada o día 6 de novembro.
- Impartiuse unha charla sobre "Acción tutorial. Xestión educativa e dó", no IES Félix Muriel en Rianxo (A Coruña), dunha duración de 3 horas. Dita formación estivo enmarcada dentro do Plan de formación permanente ao profesorado do instituto.
- Participación no III Congreso Nacional de Psicoloxía, celebrado en Oviedo desde o día 3 ao 7 de xullo. Desde o grupo presentáronse dous pósteres: "A intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia" e "A psicoloxía de emerxencias en Galicia. Intervencións do GIPCE 2005-2015", ambos elaborados por José Ramón García Gómez, Concepción López Martín e Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines, membros do grupo e da Comisión Coordinadora.
- Oferta formativa dirixida a centros privados e concertados, unha iniciativa a través da cal se inclúe o GIPCE como recurso de protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

#### f) Reunións:

- Xuntanza da coordinadora do grupo e da decana do COPG co director xeral e subdirector xeral de Planificación e Protección Civil, o 8 de febreiro para abordar o convenio deste ano entre Protección Civil e o GIPCE.
- Xuntanza da decana do Colexio co director xeral de Emerxencias, o 10 de maio para abordar o convenio deste ano entre Protección Civil e o GIPCE.
- Asistencia da coordinadora ás "Xornadas de intervención sanitaria na cidade de Barcelona en caso de gran emerxencia. Falemos de saúde mental. A experiencia de París como referencia", celebradas en Barcelona o día 25 de maio.
- Xuntanza da Área de Intervención psicolóxica en emerxencias e catástrofes do Consejo General de la Psicología de España, celebrada o 7 de xullo e á cal asistiu José Ramón García Gómez, membro da comisión coordinadora.
- A coordinadora asiste á xuntanza da Comisión Galega de Protección Civil da Xunta de Galicia. Celebrada o día 18 de setembro.

#### g) Grupos de traballo

##### Grupo de gardas

Formado por: Isabel Cabado Fidalgo, M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, Elena González Cid, M<sup>a</sup> Carmen González Hermo, Concepción López Martín, Fátima López Rodríguez, M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza, Ana M<sup>a</sup> Núñez Rubines, M<sup>a</sup> Carmen Patiño García, Aurora Rozadilla Arias, M<sup>a</sup> Elena Seoane de la Fuente, M<sup>a</sup> Jesús Taboada Costas, Julita M<sup>a</sup>

Touriño Araujo, Olegaria Mosqueda Bueno, Isabel Vázquez Prado, Lorena Nieto Iglesias e Soledad Ozores Dopereiro.

Encárganse de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.

### **Grupo de apoio a intervinientes (GAI)**

Formado por 5 persoas: Avelina Senra Comesaña, Juan Carlos Prados Moreno, M<sup>a</sup> Jesús Lillo Montes, M<sup>a</sup> Jesús Taboada Costas, Soledad Ozores Dopereiro.  
Enlace coa Comisión Coordinadora: M<sup>a</sup> Carmen González Hermo.

O GAI é un grupo de apoio a intervinientes formado por integrantes do GIPCE e encárganse de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do propio grupo que acaban de participar nunha intervención. A decisión de apoio vai a estar guiada polas características da intervención.

Durante o ano 2017 non se activou o GAI posto que o labor que se levou a cabo durante o ano foi de avaliación, reestruturación e renovación dos seus membros.

#### **Reunións:**

29 de marzo  
9 de maio  
30 de xuño  
17 de xullo  
12 de setembro  
24 de outubro  
28 de novembro

Os obxectivos establecidos para o ano 2017:

- Reactivación do grupo.
- Reformar o protocolo de intervención con intervinientes.
- Promoción do autocoidado entre os membros do grupo.
- Promoción da cohesión grupal.

Os obxectivos acadados durante o ano 2017:

- Reactivación do grupo: ritmo de traballo constante e reunións periódicas.
- Reformulación do protocolo de actuación: elección do cuestionario e revisión do protocolo de actuación a seguir.
- Promoción do autocoidado: organización dunhas xornadas de autocoidado e cohesión grupal a todos os GIPCEs, nas que se presentaría o GAI e o protocolo de actuación. Finalmente non se levaron a cabo neste ano.

Os obxectivos previstos para o ano 2018:

- Afianzar o grupo.
- Definir e implantar o protocolo de actuación.
- Formación do autocoidado e a cohesión interna.

### **Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior**

Formado por: Ana Isabel Martínez Arranz, Elena González Cid (provincia da Coruña), M<sup>a</sup> Jesús Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García Gómez (provincia de Ourense) e M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Formado pola coordinadora e os catro membros do GIPCE que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias. Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Durante este ano non se participou en ningún Plan de Emerxencias Exterior.

#### Reunións

Para preparar o simulacro do PEE levado a cabo en Maside (Ourense) o día 5 de maio.  
7 de marzo  
3 de maio

#### Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por: Ana I. Martínez Arranz e Concepción López Martín. Encárganse de revisar a posteriori algúns dos membros da Comisión Coordinadora.

Reunións:

5 de xuño  
16 de xuño  
28 de agosto  
4 de setembro

Durante este ano reestruturouse o PEI totalmente no seu formato e simplificouse o seu contido para que fose máis accesible. A final de ano conseguíronse revisar os esquemas e o contido dos distintos niveis; queda por traballar máis nesta parte para rematalo definitivamente.

#### Grupo de Traballo encargado de elaborar material de intervención.

Durante o ano 2017 revisouse e actualizouse o Protocolo de Activación do grupo.

#### Grupo de Traballo sobre violencia de xénero

Formado por: Antonia San Martín, Juan Carlos Prados Moreno e Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo. O grupo ten como finalidade elaborar un documento interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violéncia de xénero.

#### Reunións

20 de xuño  
3 de outubro

#### h) Documentación:

Incorporouse á área de documentación o seguinte material:

- Bibliografía:
  - Ospina, M<sup>a</sup>. (2008) *"Intervención psicológica a personas víctimas de terrorismo en el momento inmediato posterior al suceso"*.
  - Vega, P. *"Terrorismo y Psicopatología"*. Revista Papeles del Psicólogo.



- *"Intervención con la familia de un ciclista fallecido en accidente de circulación: descripción del caso y conclusiones"*. Cuadernos de Crisis nº 16.
- Filmografía:
    - Hallström L. (2005). Una vida por delante.
    - Sistiaga J. Documental *Suicidio*.
    - Documental *Recuperando el vuelo*. Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.
- i) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- j) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.

## 7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

### Composición da Comisión Coordinadora

Eva Muíño Gómez  
*Coordinadora*  
 M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro  
 Pilar Casal Devesa  
 Eduardo Anoeta Rodríguez  
 Rosa M<sup>a</sup> Domínguez Cameán  
 Carlos Gestal Gestal  
 María Mariño Barca  
 Alejandro González Piñeiro

### Reunións da Comisión Coordinadora

Celebráronse nas seguintes datas:

26 de xaneiro  
 23 de febreiro  
 27 de abril  
 25 de maio  
 29 de xuño  
 28 de setembro  
 26 de outubro  
 16 de decembro

### Reunións do Grupo de Tráfico

Celebráronse nas seguintes datas:

11 de marzo  
 18 de novembro

### Actividades

#### a) Formación do Grupo:

- Sesión formativa "Avaliación do deterioro cognitivo en condutores. Alternativas ao MMSE/MEC".  
 Data: 11 de marzo.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Coordinadora: Eva Muíño Gómez

Relator: Manuel del Amo Camacho. Neuropsicólogo con experiencia profesional nun hospital público, con máis de vinte anos de experiencia profesional na psicoloxía en Centro de Recoñecemento.

- Sesión formativa "I Curso teórico-práctico: a psicoloxía nos centros de recoñecemento".  
Data: 18 de novembro.  
Lugar: Hotel Hespería Peregrino.  
Coordinadora: Eva Muíño Gómez  
Relatora: M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro. Psicóloga e Máster en psicoloxía de tráfico e seguridade.

## b) Intervencións

### Xornadas de Concienciación

Realizáronse neste ano dúas intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria:

- Grupo 1 en Ferrol, nos meses de marzo e abril.
- Grupo 2 en Santiago, nos meses de maio e xuño.

Actuaron como coordinadores e coordinadoras: Eduardo Anoeta Rodríguez, Paula Pereira Rodríguez, Begoña Blanco Blanco, Diego Antelo Guerra, María Mariño Barca, Eva Muíño Gómez, Teresa Antelo Silva e Diego Lorenzo Torres.

### SEVIME

Este programa lévase desenvolvendo desde hai cinco anos en colaboración coas Policía Local de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores.

En 2017 levouse a cabo unha intervención o 15 de maio, por parte de Diego Lorenzo Torres, colexiado do COPG e membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

### PSICOVIAL

A finais de xuño rematou a cuarta edición do programa Psicovial, en formato programa longo e grupo pequeno, durante 8 meses. Neste caso o grupo estivo composto por 12 asistentes, penados con polí e multirreincidencia.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión semanal de 2 horas de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais así como, sesións individuais de seguimento.

Coordinan esta intervención M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño Gómez coa asistencia parcial como observador de Diego Antelo Guerra.

## c) Participación nas seguintes actividades

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade:

- Asistiu a dúas reunións anuais (marzo e xullo) co representante do Grupo da Unidade de Investigación en Prevención e Tratamento de Problemas de Conduta (UDIPRE) da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Antón Gómez Fraguela, en relación ao

convenio de colaboración co Grupo de Tráfico e á preparación do traballo de fin de grado da alumna Janira Lourido Estévez.

- Acudiu os días 20 de xaneiro, 2 de febreiro e 17 de febreiro ao III Plenario sobre Circulación e Estacionamento, Transporte Público e Modos Brandos: Peóns e Bicicletas, da Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.
- Asistiu pola Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología a unha entrevista coa Dirección General de Tráfico (DGT) para coñecer a lei de circulación de tráfico, celebrada o día 18 de abril en Madrid.
- Asistiu ao XI Congreso Nacional de Centros de Recoñecemento para a Seguridade Viaria (Recosevial), celebrado en Valencia o día 10 de xuño.
- Participou no III Congreso Nacional de Psicoloxía, celebrado en Oviedo entre os días 3 e 7 de xullo. Desde o grupo presentouse unha comunicación sobre o traballo con condutores reincidentes.
- Participou nas actividades desenvolvidas na Semana Europea da Mobilidade co lema “Compartir lévate máis lonxe”. Celebradas dos días 20 de setembro ao 1 de outubro.
- Asistiu en representación do COPG, á reunión do Grupo de traballo sobre persoas reincidentes, celebrada en Madrid o día 12 de outubro.
- Celebrou o día 26 de outubro na sede do COPG a entrevista anual con todas as autoridades en Seguridade Viaria de Galicia. Nesta ocasión contamos coa presenza dos distintos responsables das Xefaturas Provinciais e Locais de Tráfico da Comunidade Autónoma, con Francisco Javier Molano Martín, tenente coronel da Garda Civil de Tráfico de Galicia; co Fiscal Delegado para a Seguridade Viaria en Galicia, Carlos Gil García, así como co fiscal de Seguridade Viaria de Santiago, Jorge Fernández, e coa subdirectora xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios, Inmaculada Martín Biedma. En representación da Comisión do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG asistiron Eva Muíño Gómez, M<sup>a</sup> Jesús Sánchez Peteiro e Rosa Domínguez Cameán

Nesta reunión ademais de dar estabilidade e regularidade anual a esta convocatoria, tratáronse temas relacionados tanto coa seguridade viaria como co papel dos profesionais da psicoloxía nos centros de recoñecemento, en concreto, en relación coas valoracións psicolóxicas dos condutores e condutoras maiores. Informouse do número de expedientes enviados a revalidación por parte de Sanidade así como do procedemento que se seguía; ao respecto, reivindicouse a presenza de profesionais da psicoloxía nestas revalidacións. Por parte da Garda Civil e Fiscalías informouse da apertura de expediente por funcionamento a diversos centros en Galicia. Así mesmo, por parte do Fiscal delegado de Seguridade Viaria solicitouse a colaboración para iniciar un estudo da poboación maior condutora de Galicia, iniciativa encargada desde a Fiscalía do Estado.

- Mantivo unha reunión coa asesora médica da Dirección General de Tráfico (DGT), Elena Valdés Rodríguez, e coa psicóloga e asesora técnica da DGT, Fermina Sánchez Martín, co obxectivo de intercambiar experiencias de intervención con persoas reincidentes e pensar en alternativas de mellora para incluír no borrador inicial de modificación da Lei de Tráfico e Seguridade Viaria, celebrada o 2 de novembro en Madrid.
- Mantivo unha reunión o día 29 de novembro coa directora de programas no Centro de Inserción Social Carmela Arias y Díaz Rábago (A Coruña) para ver as citacións a xuízos en relación ás persoas penadas.

- d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.
- e) Participación no Grupo Interprofesional do Colexio de Xornalistas de Galicia e o COPG.

### 7.3. GRUPO DE TRABAJO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O Grupo de Trabajo constituíuse en 2014 para estudar e valorar a situación da atención temperá na nosa comunidade ao abeiro da nova lexislación que regula a actuación integral en Galicia; tanto no modelo de intervención como na situación das e dos profesionais da psicoloxía que a desenvolven.

O Grupo está composto por un representante das seccións de Psicoloxía e Saúde, de Psicoloxía da Intervención Social e de Psicoloxía Educativa, nomeado por cada unha destas.

#### Composición do Grupo

Olegaria Mosqueda Bueno

*Coordinadora*

Manuela del Palacio García

*Sección de Psicoloxía Educativa*

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

*Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

Javier Sardiña Agra (ata o 1 de decembro)

José Eduardo Rodríguez Otero (a partir do 1 de decembro)

*Sección de Psicoloxía e Saúde*

José Carlos Cardama Barrientos

M<sup>a</sup> Luisa Pendás Sánchez

*Expertos/as*

### 7.4 GRUPO DE TRABAJO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DOS CIM'S

O Grupo de Trabajo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's está formado por dezaseis profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Coordinadora: Cristina García Núñez

#### Reunións

28 de abril

22 de setembro

## 8. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

### 8.1 PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Véñse renovando anualmente desde o ano 2004.

#### Coordinadora:

Fátima López Rodríguez

#### Actividades

##### a) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo

- Xornada Interna de Traballo dos Programas.  
Data: 4 de febreiro.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Eva Rodríguez López. Policía especialista da Unidade Familia Muller (UFAM) de Ourense. Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG.
- As diferentes presentacións e secuelas da violencia: Identificación e tratamento.  
Data: 3 e 4 de marzo.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Dolores Mosquera Barral. Psicóloga, psicoterapeuta, directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade (INTRA-TP).
- Técnicas e recursos de estabilización e autorregulación en terapia para vítimas de violencia de xénero e agresores.  
Data: 12 e 13 de maio.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Natalia Seijo Ameneiros. Psicóloga especialista en trauma complexo e disociación. Directora do Centro de Psicoterapia e Trauma en Ferrol (A Coruña).

##### b) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- O día 4 de febreiro tivo lugar a entrevista no programa "Somos quen" da Radio Galega.
- Nota de prensa enviada o 6 de febreiro ao Faro de Vigo.
- O día 24 de febreiro, publícase o artigo de opinión "Reenfoquemos a loita", realizado en colaboración co coordinador do Programa Abramos o Círculo, para La Voz de Galicia.
- O 14 de marzo a coordinadora acudiu a unha xuntanza, xunto co coordinador do programa Abramos o Círculo, a Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade, coa vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social,

dona M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez e coa coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero Dona Eva Aguayo Lorenzo para presentar os programas.

- O 1 de xuño, a coordinadora, Fátima López Rodríguez, participou na Xuntanza de constitución da Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero do Concello de Santiago de Compostela.
- Asistiu o 11 de xullo á xuntanza da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- O 17 de outubro, a coordinadora do programa acude a unha xuntanza na sede do Colexio para, en xornada de mañá abordar o proceso final do deseño do portelo único de comunicación dentro dos programas. Na xornada de tarde, abordar unha xuntanza co grupo de traballo de menores para avanzar no deseño de un documento que aborde as necesidades dos menores vítimas de violencia de xénero.
- Ao longo do primeiro semestre, a coordinadora do Programa mantivo varias reunións con Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formacións e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas. As datas das xuntanzas foron: 18 de xaneiro, 15 de febreiro, 22 de febreiro, 14 de marzo, 1 de abril, 16 de abril, 2 de maio, 12 de maio, 2 de agosto, 5 de setembro e 18 de setembro.

c) **Intervencións:**

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 107 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 443 mulleres; foron admitidos 372 dos cales 337 tiñan denuncia interposta. Un total de 327 mulleres tiñan orde de protección.

d) **Reunións:**

Co coordinador do Programa Abramos o Círculo mantivéronse as seguintes xuntanzas:

18 de xaneiro  
15 de febreiro  
22 de febreiro  
14 de marzo  
1 de abril  
2 de maio  
12 de maio  
2 de agosto  
5 de setembro  
18 de setembro

## 8.2 PROGRAMA ABRAMOS O CÍRCULO

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.

**Coordinador:**

Rubén Villar Trencó

### **Actividades**

#### **a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

- Xornada Interna de Traballo dos Programas.  
Data: 4 de febreiro.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Eva Rodríguez López. Policía especialista da Unidade Familia Muller (UFAM) de Ourense. Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG.
- As diferentes presentacións e secuelas da violencia: Identificación e tratamento.  
Data: 3 e 4 de marzo.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Dolores Mosquera Barral. Psicóloga, psicoterapeuta, directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade (INTRA-TP).
- Técnicas e recursos de estabilización e autorregulación en terapia para vítimas de violencia de xénero e agresores.  
Data: 12 e 13 de maio.  
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.  
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.  
Relatora: Natalia Seijo Ameneiros. Psicóloga especialista en trauma complexo e disociación. Directora do Centro de Psicoterapia e Trauma en Ferrol (A Coruña).

#### **b) Actividades desenvoltas polo coordinador:**

- O 12 de xaneiro asistiu a unha xuntanza xunto coa decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a coordinadora do programa PAPMVX, ca Secretaría Xeral da Igualdade Susana López Abella e coa subdirectora xeral do tratamento para a Violencia de Xénero, M<sup>a</sup> Belén Liste Lázara, para, entre outras cuestións, revisar os puntos para a firma do novo convenio de colaboración entre o COPG e a Secretaría Xeral da Igualdade. Posteriormente acudíuse a unha xuntanza da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.
- O coordinador asistiu a unha xuntanza coa coordinadora do programa PAPMVX celebrada o 18 de xaneiro. Posteriormente, realizouse acto de benvinda ás novas terapeutas e proporcionóuselle material de coordinación e información dos programas..
- Acudiu a o 22 de febreiro a unha xuntanza na Secretaría Xeral da Igualdade xunto coa coordinadora do programa PAPMVX e coa subdirectora xeral do tratamento para a Violencia de Xénero, M<sup>a</sup> Belén Liste Lázara, para, entre outras cuestións, revisar os puntos para a firma do novo convenio de colaboración entre o COPG e a Secretaría Xeral da Igualdade.
- O 14 de marzo o coordinador acudiu acompañado da coordinadora do programa PAPMVX, a unha xuntanza na Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade,

coa vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez e coa coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero, Eva Aguayo Lorenzo para presentar os programas.

Ademais acudiuse a Secretaría Xeral da Igualdade xunto a coordinadora do PAPMVX, para manter unha xuntanza coa subdirectora xeral do tratamento para a Violencia de Xénero, M<sup>a</sup> Belén Liste Lázara, na que se revisou os puntos para a firma do novo convenio de colaboración entre o COPG e a Secretaría Xeral da Igualdade.

Posteriormente, en xornada de tarde celebrouse unha xuntanza na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia de diferentes profesionais do ámbito da psicoloxía que teñen implicación na intervención con fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, constituíndo así o “Grupo de Traballo de Menores Vítimas de Violencia de Xénero”, o cal ten como obxectivo central, identificar, nomear e documentar o impacto da violencia de xénero nos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia, para deste xeito darlle visibilidade como vítimas de violencia de xénero, atendendo á urxencia de implantar medidas reais que sexan consonantes coa modificación da Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e adolescencia. E establécese, como obxectivo secundario, a elaboración dunha serie de recomendacións e medidas para facelas chegar a diferentes institucións, axentes sociais e organismos para dar visibilidade a situación e que se tomen as medidas de protección e reparacións oportunas.

- Os días 28 de marzo, 2 de maio e 22 de maio mantivo senllas xuntanza vía *SKYPE* coa coordinadora do PAPMVX para actualizar diferente material de traballo dos programas, revisar o traballo desenvolvido desde o grupo de traballo de menores vítimas de violencia de xénero, así como a planificación de formacións para o vindeiro ano 2018.
- Participou na reunión do Observatorio Galego da Violencia de Xénero do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no GT1, encargado da elaboración dun protocolo de coordinación institucional fronte á violencia de xénero na CCAA de Galicia, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 2 de xuño.
- O 11 de xullo levouse a cabo na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o acto de benvinda - formación aos/ás terapeutas que se incorporan ao programa. A continuación, celebrouse unha xuntanza da Comisión Intersectorial de Xénero na que o coordinador do Programa participou.
- O 2 de agosto participou nunha xuntanza vía *SKYPE* coa coordinadora do PAPMVX e coa asesora xurídica do COPG, para a actualización do regulamento interno dos programas.
- Acudiu o 5 de setembro a unha xuntanza na sede do Colexio xunto coa coordinadora do PAPMVX, Fátima López Rodríguez, e coa decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, decana, para tratar diferentes aspectos relacionados cos programas.
- Asistiu o 17 de outubro a unha xuntanza no Colexio Oficial de Psicoloxía para abordar o proceso final do deseño do portelo único de comunicación dentro dos programas e manter unha xuntanza co grupo de traballo de menores vítimas de violencia de xénero para avanzar no deseño do documento que aborde as necesidades deste colectivo.

#### c) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 75 profesionais en toda Galicia.



- En total foron atendidos 84 homes, admitíronse 54 casos novos dos que iniciaron a intervención 47.

#### d) Reunións:

Coa coordinadora do Programa co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, durante o ano 2017 mantivéronse as seguintes xuntanzas presenciais:

18 de xaneiro  
15 de febreiro  
22 de febreiro  
14 de marzo  
1 de abril  
12 de maio  
5 de setembro  
18 de setembro

### 8.3 INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil. Véñse renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) —ver epígrafe 7.1 desta Memoria— que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 35 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 34 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

### 8.4 PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2017 renováronse os convenios de colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela, o Colexio de Avogados de Ourense, o Colexio de Avogados da Coruña e o Colexio de Avogados de Ferrol para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial.

A través dos convenios asinados preténdese desenvolver programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol, mediante a constitución de equipos de mediación compostos por un ou unha profesional da psicoloxía e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión coa fiscalía dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos menores do núcleo familiar.

### **Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela**

#### Titulares do servizo:

Alicia Peralejo Abeleira, mes de xaneiro.

Esther Arias Martínez, desde febreiro a maio de 2017.

José Ramón García Gómez, desde setembro ata decembro de 2017.

#### Suplentes do servizo:

Esther Arias Martínez, mes de xaneiro.

Purificación Leal Docampo, desde febreiro a maio de 2017.

Ao equipo fóronlle derivados 13 casos, dos que 11 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 8, dos cales 2 seguen en trámite para o ano 2018.

### **Equipo de mediación intraxudicial de Ourense**

#### Titulares do servizo:

José Ramón García Gómez, mes de xaneiro.

Katía Rolán González desde febreiro a maio de 2017.

José Antonio Varela Alonso, desde xuño ata setembro de 2017.

Purificación Leal Docampo, desde outubro a decembro de 2017.

#### Suplentes do servizo:

Katía Rolán González, mes de xaneiro.

M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Prego, desde febreiro a maio de 2017.

Purificación Leal Docampo, desde xuño a setembro de 2017.

Alicia Peralejo Abeleira, desde outubro a decembro de 2017.

Ao equipo fóronlle derivados 53 casos, dos que 21 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 14 (un 26,42%), dos cales 3 seguen en trámite para o ano 2018. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 10. O servizo funciona dúas mañás á semana.

### **Equipo de mediación intraxudicial de A Coruña**

#### Titulares do servizo:

M<sup>a</sup> Elsa Rodríguez Viña, mes de xaneiro de 2017.

Nuria González Lois, desde febreiro a maio de 2017.

M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Prego, desde xuño ata setembro de 2017.

Cristina Torrado Tarrío, desde outubro a decembro de 2017.

#### Suplentes do servizo:

Nuria González Lois, mes de xaneiro.

José Antonio Varela Alonso, desde febreiro a maio de 2017.

Cristina Torrado Tarrío, desde xuño a setembro de 2017.

Katía Rolán González, desde outubro a decembro de 2017.

Ao equipo fóronlle derivados 214 casos, dos que 112 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 67 (un 31,31%), dos cales 9 seguen en trámite para o ano 2018. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 23 (un 34,33%) fronte a 29 que

non a acordo 43,28%) e a 5 que abandonaron a mediación (7,46%). O servizo funciona dúas mañás á semana.

#### **Equipo de mediación intraxudicial de Ferrol**

Titular do servizo:

Marcela Santorun Ardone, desde xaneiro ata marzo de 2017.

Juan Manuel Romero Lorenzo, desde abril ata xullo de 2017.

Evangelina Muíño Gómez, desde agosto ata novembro de 2017.

M<sup>a</sup> Elsa Rodríguez Viña, decembro de 2017.

Suplente do servizo:

Juan Manuel Romero Lorenzo, desde xaneiro ata marzo de 2017.

Evangelina Muíño Gómez, desde abril ata xullo de 2017.

M<sup>a</sup> Elsa Rodríguez Viña, desde agosto ata novembro de 2017.

Nuria González Lois, decembro de 2017.

Ao equipo fóronlle derivados 11 casos, dos que 11 asistiron á reunión informativa presencial (SIP); deles 4 chegaron a acordo (36,36%) e 7 remataron sen acordo ou abandonaron o proceso.

### **8.5 XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as Xornadas de Concienciación de Seguridade Viaria. Estas xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos traballos en beneficio á comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

O Grupo de Tráfico e da Seguridade conta cunha rede de 20 psicólogos e psicólogas con capacitación técnica e experiencia prolongada ao longo destes últimos sete anos, intervindo con máis de 1.000 persoas penadas por delitos relacionados co ámbito do tráfico.

### **8.6. PROGRAMA PSICOVIAL**

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2013 o COPG elaborou a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos que superan as 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG segue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de institucións penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

#### **8.7. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

#### **8.8. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

#### **8.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)**

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

#### **8.10. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de

cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

#### **8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas as institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue mantendo o convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

#### **8.12. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS**

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

#### **8.13. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)**

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

#### **8.14. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)**

Convenio de colaboración coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) en cuestións de igualdade e loita contra a violencia de xénero, ao abeiro do cal se reeditou o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

## **8.15. CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Concellaría de Políticas Sociais, Saúde e Diversidade:

Xunto co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela presentamos o protocolo municipal para as persoas que afrontan situacións de desafiuzamentos.

Renovamos o convenio para colaborar na implantación dun protocolo municipal de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas polos mesmos.

Trátase dun programa piloto multidisciplinar no que participaron, ademais de profesionais da avogacía, psicólogas e psicólogos do ámbito da intervención social e comunitaria.

### **Resumo da actividade**

Nos tempos de aplicación deste convenio, atendéronse un total de 6 comunidades veciñais, mantivéronse un total de 44 entrevistas de seguimento coa veciñanza e presidencias de comunidade e realizouse por parte do psicólogo do servizo as visitas a comunidades ou domicilios.

Contabilizáronse un total de 238 actuacións, unhas intervencións que foron posibles coa coordinación técnica dos servizos sociais comunitarios, un equipo formado por un total de 4 educadoras sociais e 4 traballadoras sociais.

### **Actividades**

#### **a) Formación:**

En base ao convenio de colaboración realizouse o día 14 de outubro o curso “Xestión de conflitos na comunidade”, dunha duración de 8 horas.

A actividade foi impartida por Yolanda Muñoz Hernán, psicóloga responsable da Fundación Gizagune (Euskadi), cona ampla experiencia na transformación dos conflitos e en diversas metodoloxías de xeración de consensos e procesos de toma de decisións dialogadas

Este curso foi dirixido a profesionais da Psicoloxía da Intervención Social e persoal técnico dos Servizos Sociais de cara a contar cunha formación apropiada para traballar en concellos, asociacións, comunidades veciñais, barrios ou no terceiro sector.

## **8.16 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS**

No ano 2017 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a asistencia na emisión de informes periciais psicosociais co fin de diminuír o retraso existente que tanto estaba a prexudicar as persoas afectadas, dilatando os procesos xudiciais

Tratouse dun convenio puntual que se extinguiu o 31 de decembro, sen que vaia renovarse e a través do cal se reforzaron os equipos psicosociais do IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia) con 19 profesionais da psicoloxía nas diferentes oficinas.

### **8.17 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ASISTENCIA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA ÁS VÍTIMAS NAS OFICINAS DE ATENCIÓN Á VÍTIMA E AO CIDADÁN EXISTENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

No ano 2017 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a asistencia psicolóxica especializada ás vítimas nas oficinas de atención á vítima e ao cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia.

A Comisión de Valoración avaliou as solicitudes das persoas participantes no proceso de selección desenvolvido polo COPG para sete prazas de psicólogo/a para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes nos xulgados das sete cidades, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

## 9. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organizase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2017, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

## 10. SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 27 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

## 11. BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

### X EDICIÓN DA BECA SIOTA

Composición do Comité Seleccionador:

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*

Luís Carlos Álvarez García  
Rosa Cerqueiro Landín  
Ana Jartín Abraira  
José Manuel Oreiro Blanco  
Gloria Seoane Pesqueira  
Carlos Montes Piñeiro (desde o día 5 de abril).  
*Vogais*

O Comité Seleccionador da X Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, reunido o 18 de abril de 2017, acordou a concesión da Beca ao proxecto *"Axuste psicolóxico posterior á*



*interrupción voluntaria do embarazo*", presentado polas súas autoras Inmaculada Sangiao Novio, G-5048, María José Santiago Mariño e Mercedes Carreño Fernández, G-0600.

## 12. EVENTOS COLEXIAIS

### 12.1. ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2017

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto "Achegas da Psicoloxía", un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópiz «Psicoloxía e Sociedade».

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

O 16 de xuño celebrouse o acto "Achegas da Psicoloxía" en Santiago de Compostela. Fíxose entrega do premio "Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade", neste ano co lema "**Pola infancia**", e recaeu na Fundación Andrea, co que se pretende significar o importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas. Previamente, tivo lugar unha conferencia dun psicólogo do Programa de Protección Aldeas Infantiles SOS sobre a resiliencia nos menores.

Neste acto tamén se entregou a distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Manuel Filgueira Lois G-0002, co que se pretendeu enxalzar a dedicación e significar as achegas ao desenvolvemento do nosa profesión. Así mesmo efectuouse un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial.

### 12.2. IX XORNADAS ESTATAIS DE PSICOLOXÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO "ABRINDO O FOCO: A VIOLENCIA DE XÉNERO UN PROBLEMA CON ROSTROS"

Organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología celebráronse as IX Xornadas Estatais de Psicoloxía Contra a Violencia de Xénero: "Abrindo o foco: a violencia de xénero un problema con rostros" que pretenderon facer fincapé en que a problemática da violencia machista vai máis aló da muller que a sofre, xa que as súas repercusións son evidentes sobre a súa contorna máis próxima. Tiveron lugar os días 24 e 25 de novembro de 2017 en Santiago de Compostela, dándose cita neste encontro máis de 300 profesionais que exercen a súa actividade no campo da loita contra a violencia machista.

Abordáronse as raíces da desigualdade de xénero, visibilizáronse os outros rostros da violencia de xénero e reflexionouse sobre trata sexual feminina como máxima expresión da violencia de xénero, así mesmo, abordouse a problemática nos ollos das persoas maiores e a violencia contra as mulleres con discapacidade. Por outra banda, debateuse sobre o impacto desta violencia na identidade e na saúde mental das persoas afectadas. Logo de afrontar o tema desde a perspectiva do apego nos menores e intercambiar impresións sobre as masculinidades e construción dunha autoestima positiva, déronse a coñecer os desafíos da igualdade de xénero na actualidade.

A actividade foi recoñecida de interese sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con Nº de expediente SA301A 2017/ 44-1.

### 12.3. OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS.

- Curso online "Habilidades de comunicación en Psicoloxía" (5 edicións).

Celebradas 5 edicións.

Datas: entre o 22 de maio e o 6 de agosto.

Lugar: Formación en formato audiovisual online.

Coordinador: Miguel A. Chouza Ponte.

Relatores: Jorge García Fernández, psicólogo clínico no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC). Doutor pola Universidade da Coruña (UDC) e profesor asociado do Departamento de Psicoloxía da UDC. Colaborador en diferentes proxectos audiovisuais no eido da psicoloxía e a saúde. Sabela Bermúdez Míguez, psicóloga clínica no Hospital La Magdalena de Castellón. Actividade investigadora no eido das habilidades de comunicación e alianza terapéutica.

- Charla “Psicoloxía perinatal”.

Data: 25 de outubro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Coordinador: Miguel A. Chouza Ponte.

Relatora: Natalia Guedella Sebastián, psicóloga educativa certificada en Saúde Mental Perinatal.

### **13. REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS**

**Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**

*Titular:* M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

**Consello Galego de Saúde**

*Titular:* Xavier Sardiña Agra

*Suplente:* Delia Guitián Rodríguez

**Consello Galego de Benestar Social**

*Titular:* Isabel M<sup>a</sup> Varela Castiñeiras

*Suplente:* M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero

**Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións De Transmisión Sexual**

*Titular:* Luisa M<sup>a</sup> Blanco Caramés

**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña**

*Titular:* Encarnación Álvarez Gallego

*Suplente:* M<sup>a</sup> Ángeles Castro Díaz

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo**

*Titular:* Isolina Rodríguez López

*Suplente:* Julio González Morandeira

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense**

*Titular:* José Antonio Fontelo López

*Suplente:* Isabel Blanco Yáñez

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra**

*Titular:* Felisa Balboa Cardoso

*Suplente:* M<sup>a</sup> Jesús Cejudo López

**Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela**

*Titular:* M<sup>a</sup> José Fares Varela

**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo**

*Titular:* Ana M<sup>a</sup> Fieira Nogareda

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo**

*Titular:* Irene Esperón Rodríguez

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela**

*Titular:* Rocío García Calvo

*Suplente:* Rosa Cerqueiro Landín (ata o 29 de decembro)

Marta Bouzas Lameiro (a partir de 29 de decembro)

**Consello de Deporte de Galicia**

*Titular:* María Dolores González Fernández

## 14. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, a presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, e o Colexiado Santiago Porta Dovalo G-0166, mantiveron unha xuntanza con representantes do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia de cara a reflexionar sobre a situación dos servizos sociais en Galicia que compete aos tres Colexios profesionais, celebrada o 30 de xaneiro.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada asistiu á presentación da "II Edición do Proxecto Mentoring USC. Desenvolvemento Profesional" que tivo lugar o 1 de febreiro en Santiago de Compostela.
- A vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, María Lueiro Mendoza, impartiu a charla "Autocoñecemento: aprender a valorarse e a querer-se máis", organizada polo Concello de Vedra o 9 de febreiro.
- A decana do COPG participou co traballo "Violencia contra as mulleres: unha mirada desde a psicoloxía para un abordaxe integral" na "XXIV Xornada anual: ¿Vivimos nunha sociedade violenta?. Respostas desde a psicoloxía", organizada polo Col·legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana, que se celebrou en Castellón o 4 de marzo.
- A decana asistiu á entrega do "Premio Xohana Torres de ensaios e creacións audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela" do Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o 8 de marzo.
- A coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, xunto co coordinador do Programa "Abramos o Círculo", Rubén Villar Trencó, mantiveron o 14 de marzo unha xuntanza coa vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez, e a coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero, Eva Aguayo Lorenzo, para explicarlles os obxectivos e funcionamento dos mesmos, e para que, deste modo, poidan coñecer estes dous recursos da comunidade, de carácter especializado, que ofrecen unha resposta inmediata e promoven a accesibilidade ao tratamento psicoterapéutico.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada participou no peche da Xornada sobre Sensibilización á Mediación "A mellor maneira de resolver un conflito", organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo e Unión Profesional de Galicia, que se celebrou en Vigo o 16 de marzo.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, e o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron unha reunión co fiscal coordinador de Seguridade Viaria en Galicia, Carlos Gil García, para tratar o tema dos condutores/as reincidentes, celebrada o 6 de abril en Vigo.

- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu ao acto 10 anos Programa "Incorpora" de La Obra Social de La Caixa, celebrada o 2 de marzo en Santiago de Compostela. Asistiu tamén ao acto de celebración do Día Mundial do Traballo Social, organizado polo Colexio Oficial de Traballo Social, celebrado o 24 de marzo en Santiago de Compostela; e ao evento "Memoria de Actividades 2016", organizado por Cruz Roja, celebrado o 6 de abril en Santiago de Compostela.
- O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), Carlos Montes Piñeiro, asistiu a unha xuntanza con representantes do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), para colaborar nun estudo sobre os riscos psicosociais aos que están expostos os/as xornalistas no exercicio da súa profesión.
- A decana do COPG asistiu a unha reunión coa deputada de Igualdade da Deputación da Coruña, Ánxela Franco Pouso, para presentar as "IX Xornadas Estatais da Psicoloxía contra a Violencia de Xénero: Abrindo o foco: a violencia de xénero, un problema con rostros", celebrada o 6 de maio na Coruña.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, xunto co vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiron a unha reunión con membros do Servizo de Mediación do Colegio Provincial de Abogados de A Coruña para tratar sobre o servizo da mediación na Coruña, celebrada o pasado 14 de xuño na Coruña.
- A vicesecretaria do COPG e coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG, M<sup>a</sup> Concepción Prado Álvarez, asistiu á reunión da Comisión de Intrusismo Profesional de Unión Profesional de Galicia que se celebrou o 21 de abril na Coruña.
- O coordinador do Programa "Abramos o Círculo" de atención psicolóxica especializada a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, Rubén Villar Trenco, participou en representación do COPG, na reunión do Observatorio Galego da Violencia de Xénero do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no GT1. Elaboración dun protocolo de coordinación institucional fronte a violencia de xénero na CCAA de Galicia, que tivo lugar o día 2 de xuño en Santiago de Compostela.
- A decana do COPG, acompañada da coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á conferencia institucional a cargo de D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde de Santiago de Compostela, que se celebrou o 23 de maio en Santiago de Compostela.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, mantiveron unha reunión co director da Asociación Arela, Julio Barreiro González, e coa coordinadora do Programa convive.comigo vida en familia para adolescentes, Ánxela Álvarez. O motivo desta reunión foi dar a coñecer este novo programa que se vai poñer en práctica. Celebrouse o 20 de xuño en Santiago de Compostela.
- O membro da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), Israel Villar Enjo, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez, participaron os días 11 e 12 de maio no "Foro da

Innovación e o Emprego na Economía Circular (FIE)" celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu ao acto conmemorativo do Centenario da Terapia Ocupacional, organizado pola Asociación Profesional Gallega de Terapeutas Ocupacionais, celebrado o 27 de abril na Coruña.
- O membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Guadalupe Oroña Quintáns, asistiu ás "XV Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL)" organizadas por FAGAL, que tiveron lugar o 10 de xuño en Santiago de Compostela.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada participou no debate sobre o problema de intrusismo profesional no eido sanitario, problemática que afecta moitísimo á psicoloxía, a nosa profesión. Deste debate xurdiron ideas que se levarán no pleno de setembro, no que se someterá a votación unha proposta de actuación contra a problemática do intrusismo sanitario. O debate celebrouse no Parlamento de Galicia o 12 de xullo.
- A decana do COPG asistiu ao curso "Avances en criminoloxía e psicoloxía xurídica" organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, os días 12, 13 e 14 de xullo en Riveira (A Coruña).
- O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á Comisión de Seguimento do acordo marco de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o COPG, co obxectivo de planificar actuacións conxuntas no ámbito da saúde ocupacional, celebrada o 27 de xuño.
- A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Pleno da Comisión Galega de Protección Civil, o 18 de setembro.
- A decana asistiu ao acto de presentación do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, que se celebrou o 8 de setembro en Santiago de Compostela.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu á presentación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, celebrada o 2 de outubro na Coruña. Na presentación participaron o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, o presidente da Sala do Contencioso do alto tribunal galego, José María Gómez y Díaz-Castroverde, e o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes Pérez.
- A coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, participou na xornada

"Intervención contra as violencias machistas, enfoque multidisciplinar", que organizou a Rede Galega pola Igualdade (REGAI) o 7 de outubro en Poio (Pontevedra).

- A decana e o secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, mantiveron unha reunión coa técnica do Programa de Adopcións Especiais da Fundación Meniños, Olalla Castiñeiras Pérez, para coñecer o "Programa de Adopcións Especiais" da Fundación, o 14 de novembro.
- M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada mantivo unha reunión con Eva Garea do Instituto de Comunicación e Investigación Sociolóxica (INCIS) para participar nun estudo sobre o envellecemento en Galicia, o 26 de outubro en Santiago de Compostela.
- A decana do COPG, xunto coa vogal da Xunta de Goberno do COPG, M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ao "Fórum Europa. Tribuna Galicia" coa portavoz nacional do BNG e portavoz do Grupo Parlamentario do BNG no Parlamento de Galicia, Ana Pontón, organizado por Nueva Economía Fórum e celebrado o 29 de novembro en Santiago de Compostela.
- A decana do COPG asistiu representando a Unión Profesional de Galicia ao acto do 10º Aniversario do Colexio de Enxeñeiros Informáticos, o 30 de novembro en Santiago de Compostela.
- Asistiu á presentación de "Compartimos plan", organizado pola Deputación da Coruña, que tivo lugar o 1 de decembro en Santiago de Compostela. Este proxecto ten como finalidade realizar un estudo de diagnose das políticas de igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero na provincia, así como un plan de acción dirixido a establecer liñas estratéxicas de actuación a nivel provincial.
- O membro do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG e vogal da Sección de PTO do COPG, Antonio Fuertes Saavedra, participou como relator nas dúas Xornadas Técnicas "Traballos saudables en cada idade. Idade e diversidade: impacto na xestión de PRL", organizadas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que se celebraron o día 19 de outubro en Lugo e o día 20 de outubro en Rande (Pontevedra). Esta actividade estivo enmarcada no convenio de colaboración do COPG co ISSGA.
- O secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, participou no Acto de Inauguración das XIV Xornadas da International Attachment Network Iberoamericana "Intervención en trauma relacional desde a perspectiva do apego: escollos e oportunidades", que se celebraron os días 26, 27 e 28 de outubro na Coruña.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu á presentación do Servizo de atención ás dificultades de memoria do Concello de Boimorto (A Coruña), que tivo lugar o 10 de novembro.
- O coordinador do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar "Abramos o Círculo", Rubén Villar Trencó, participou moderando a mesa "Como afecta a violencia de xénero a pequenos e pequenas" nas "VII Xornadas de promoción da igualdade e prevención da violencia de



xénero. Acércate á igualdade”, organizadas polo Centro de Información á Muller do Concello de Ames, que se celebraron o 16 de novembro en Ames.

- A vogal da Xunta de Goberno do COPG, M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez, participou no acto de apertura do "X Congreso internacional e XIV Nacional de psicoloxía clínica", organizado pola Asociación Española de Psicología Conductual, que se celebrou do 16 ao 20 de novembro en Santiago de Compostela.
- A vogal da Xunta de Goberno do COPG, e coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, participou na elaboración da guía e vídeo de "Identidade Dixital" publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, asistindo á presentación que se realizou o día 24 de novembro en Santiago de Compostela. Asistiu tamén á Gala de Nadal a favor da Fundación Andrea de "Apoyo a los niños con enfermedades de larga duración, crónicas y terminales", o 25 de novembro en Santiago de Compostela.
- A representante do COPG na Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual, Luisa M<sup>a</sup> Blanco Caramés, asistiu á xuntanza da Comisión o día 21 de novembro en Santiago de Compostela. Tamén acudiu ao acto de entrega dos Premios de Investigación sobre VIH e outras ITS, que se celebrou o 27 de novembro en Santiago de Compostela.
- A vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, M<sup>a</sup> Teresa Hermida Pérez, asistiu á gala de celebración dos X Premios Solidarios ONCE Galicia, organizados pola Delegación Territorial de Galicia da ONCE, que tivo lugar o 28 de novembro na Coruña.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu tamén ao "Seminario sobre o senfogarismo en Galicia: Diseñando as políticas de futuro", organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia en colaboración coa Cruz Vermella en Galicia, e celebrado o 28 de novembro en Santiago de Compostela.

## 15. RELACIÓNS E COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada:

- Mantivo unha xuntanza o 12 de xaneiro na sede do COPG coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e coa subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, M<sup>a</sup> Belén Liste Lázara, xunto coa coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, e xunto co coordinador do Programa "Abramos o Círculo", Rubén Villar Trencó, para tratar temas en materia de xénero e igualdade e de colaboración entre ambas institucións.
- Xunto coa vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 8 de febreiro co director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor Pérez, co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Antonio Grandas Arias, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2017 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.
- Participou nunha reunión de Comisión de seguimento do convenio de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela o 20 de febreiro, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M<sup>a</sup> Amparo González Méndez; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, Fernando Suanzes Pérez; co Xuíz de Familia de Santiago de Compostela, Roberto Soto Sola; co decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Evaristo Nogueira Pol; e a subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, M<sup>a</sup> Emmanuela Díaz Castro-Rial.
- Mantivo unha reunión sobre o convenio de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela o 27 de abril, coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M<sup>a</sup> Amparo González Méndez; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, para tratar sobre a situación da mediación en Santiago de Compostela.
- Xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, acudiron a unha reunión co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, á que tamén asistiron a presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, Marta Capeáns Outeiro e a directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), Beatriz Otero Abadín, para tratar sobre o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais psicolóxicos, celebrada o 13 de setembro en Santiago de Compostela.
- Asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, para tratar sobre o borrador do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao

Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, celebrada o 20 de setembro en Santiago de Compostela.

- Xunto cos sete psicólogos/as seleccionados/as para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, asistiron a unha xuntanza informativa co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e os técnicos da Consellería, o 4 de outubro en Santiago de Compostela.
